

**Valedora do Pobo de Galicia
Rúa Hórreo, 65
15701-Santiago de Compostela**

Ante esta institución, mediante fax e posteriormente á petición desta Alcaldía remítese a través de correo-e os expedientes G.6 Q/35804 39390/15, solicitando aclaracións e valoracións sobre os mesmos.

De acordo coa necesaria interlocución e coordinación entre a Institución Municipal e a Oficina da Valedora do Pobo e como mellor proceda o Concello de Santiago fai constar que:

- 1- No punto 1 do relato de ANTECEDENTES destacase que "hai bastante tempo os vecinos e empresarios de centro histórico veñen padecendo as consecuencias da presenza permanente dun grupo de persoas sen teito ou en situación de exclusión social" e que esta situación "agravouse desde o verán"; sen que especifique de canto tempo se trata e en que datos obxectivos se basean para afirmar que a situación se agravou desde este pasado verán. O mesmo podemos dicir, sobre a afirmación "as manifestacións son máis extremas e sistemáticas que noutros momentos". Dase por supostas afirmacións sobre as que non se fai ningún tipo de comprobación empírica, nen se achega ningún tipo de datos, alén de referir artigos de prensa, que como vostede coñece e compartimos na xuntanza mantida o 7 de xaneiro de 2016, non son a fonte de información máis precisa, imparcial e obxectiva sobre a que fundamentar a análise da realidade social e da situación concreta das persoas sen teito na cidade de Santiago de Compostela.

No mesmo sentido, tamén se fai alusión á "sorpresa de todos cidadáns" cando o Pleno do Concello rexeitou una moción presentada polo grupo do Partido Popular (PP) solicitando a modificación da ordenanza de convivencia. Aclararlle que a aplicación efectiva da ordenanza de convivencia é obriga deste goberno e o que resulta sorprendente e que se sospeite que non se aplica e que se descoñeza que a proposta do PP de modificar a antedita ordenanza non contou co apoio de ningún dos outros grupos políticos con representación no Concello de Santiago, só apoiaron 9 concelleiros dos 25 da corporación, e por iso non foi aprobada. Sorprendente sería que se aprobase en contra da maioría de representantes políticos no Pleno Municipal.

- 2- Respecto dos puntos 2, 3, 4, 5 e 6 que relatan brevemente a documentación que o Concello de Santiago achega á Valedora para dar conta das accións e programas que o Concello ten en marcha para atender a situación denunciada chama a atención que se



- a. Desde o mes de setembro incrementouse o servizo de limpeza no casco histórico de Compostela, realizando dúas limpezaas con auga diarias en horario de mañá e noite.
 - b. Desde o mes de novembro funciona un Equipo de rúa, en horario de mañá e tarde, de atención a persoas sen teito e transeúntes, que ofrece o acceso a pensións e recursos de hixiene e do que se achega documentación para dar conta actualizada das intervencións e resultados obtidos ata o mes de febreiro de 2016.
 - c. Desde o mes novembro estase acondicionando e realizando o proceso de diagnose, selección e preparación para a ocupación de 3 vivendas de saída para persoas sen teito, seguindo o modelo *Housing First*, e no que se aloxaran nunha primeira fase 6 persoas.
 - d. Igualmente desde o mes de setembro vense realizando con regularidade mensual un proceso de coordinación e traballo de 15 entidades sociais que na cidade traballan con persoas sen teito e sen fogar para realizar una adecuada intervención, procurando a coordinación de todos os recursos e o seguimento de cada caso desde un punto de vista sociosanitario.
- 6- Lamentamos que despois das actuacións realizadas e da xuntanza mantida o día 7 de xaneiro de 2016, onde foi informada convenientemente sobre a orientación da intervención no ámbito sociosanitario e de convivencia, a Institución da Valedora considere, apoiándose en fontes da prensa local e nunha lectura parcial e imprecisa dos datos achegados pola Policía Local, que este Concello non aplica as medidas para atender adecuadamente os aspectos persoais e sociais das persoas para que accedan aos recursos oportunos. Poño no seu coñecemento que no último mes solicitouse a intervención de fiscalía en 3 casos diferentes e que actualmente están pendentes da resposta da Consellería de Política Social para encontrar un recurso sociosanitario adecuado ás características e necesidades destas persoas.
- 7- Por último, respecto dos dereitos e interés lexítimos da cidadanía expresados na ordenanza municipal de convivencia, residuos e limpeza viaria de Santiago de Compostela, é obriga deste Concello facer que se cumpra, como non pode ser doutro xeito. Sorprenden, cando menos, as consideracións respecto do seu incumprimento ou a sospeita de que non se este a facer. Como vostede sabe, as persoas sen teito e sen fogar teñen os mesmos dereitos e obrigas que calqueira cidadá e como tales son tratados. Con seguridade os profesionais e axentes da Policía Local realizan o seu traballo de acordo co marco normativo que regula a convivencia no noso Concello, non temos ningún motivo para sospeitar ou considerar que non se fai así.

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/04/2016 9:51:59

SAIDA

3887/16

Sr. alcalde-presidente do Concello de Santiago
de Compostela
Praza do Obradoiro-Pazo de Raxoi
15705 Santiago de Compostela

Expedientes: G.6.Q/35804 e 39390/15

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2016

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención D. José M. Bello Rey (Pte. da Asociación de Comerciantes e Empresarios Compostela Monumental) e DP, María Abelleira Méndez (asociación Veciños Compostela Vella), debido ao comportamento contrario á ordenanza de convivencia do Concello de Santiago dun grupo de persoas que permanecen habitualmente no centro da cidade. Tamén promoveron queixa traballadores do Banco de Santander en Santiago.

Ante iso requirimos informe a ese concello, que nolo remitiu. Á vista do mesmo o 29 de xaneiro remitimos ao ente local determinadas consideracións ao respecto e requirimos aclaración sobre os aspectos pendentes.

Como consecuencia do retraso na remisión da resposta, requirida con urxencia, que foi preciso requirir de novo ao cabo dun mes, ao cabo doutro mes formulamos unha recomendación ao concello cos mesmos argumentos que os contidos nas conclusións provisionais. Polas datas de ambos escritos todo parece indicar que a resposta municipal se cruzou coa recomendación. Por esa causa entendemos respondido finalmente o requirimento feito o 29 de xaneiro.

En relación co contido da resposta é de sinalar:

- No que se refire á competencia sobre a atención aos problemas de orde social tratados, tal e como sinala o concello esta corresponde tamén á administración autonómica, coa que entrouse así mesmo en comunicación, en concreto con diferentes órganos da mesma, que deron a resposta que consta. Tamén entramos en comunicación co responsable do albergue Xoán XIII, erroneamente mencionado antes como San Francisco. En calquera caso, ao


-Por último, a ordenanza de limpeza e convivencia referida no escrito é a vixente.

En resume, o ente local traslada as actuacións relativas ao asunto que motiva a presente queixa, todo iso en relación coas conclusións provisionais que trasladamos o 29 de xaneiro. Algúns contidos refírense á reiteración ou matización sobre o labor municipal da que xa se dera conta, e ao expresado pola nosa banda. Quedamos enterados deses matices, moitos dos cales xa se tiveron en conta. O novo aspecto trasladado é que o concello promoveu a intervención da fiscalía en 3 casos e na actualidade está pendente a resposta da Consellería de Política Social "para encontrar un recurso sociosanitario adecuado ás características e necesidades destas persoas".

Por tanto, o aportado polo concello correspóndese coas conclusións provisionais enviadas dende esta institución. Resta coñecer o resultado final das actuacións que se mencionan e por tanto a actuación de protección relativa as persoas protagonistas e o tratamento que finalmente se dá tanto a súa problemática como aos aspectos de convivencia que se relacionan na queixa.

Polo anterior faise preciso requirir dese concello que con urxencia se facilite información complementaria sobre os extremos mencionados, en especial sobre o resultado das últimas actuacións municipais, dirixidas a actuación da fiscalía en materia de garantía dos dereitos das persoas, sobre o recurso sociosanitario adecuado, e sobre o resto das circunstancias relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa.

Agradézolle por anticipado a remisión do preceptivo informe complementario e saúdoo atentamente,



Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo